



EXPERIMENTACIÓN DIDÁCTICA NA AULA

PRÁCTICA2-INFORMACIÓN

Dispoñibilidade da aula

No Claustro de presentación do curso, celebrado esta mañá, comunicáronme verbalmente que non terei problema para poder traballar os catro períodos lectivos semanais na aula de informática.

Características dos ordenadores

A aula de informática para bacharelato do meu centro de traballo está montada con nove ordenadores de características dispares, recollo de seguido a súa descrición:

1. Tres ordenadores da marca DELL con pantalla TFT de 17´´, cun procesador de dobre núcleo, cinco portos USB, con grabadora de DVD e altavoces incorporados. O sistema operativo é Microsoft Windows XP Profesional.
 - Dous deles son OPTIPLEX 740 AMD con 2 GB de RAM a unha velocidade de 2.80 GHz e 150 GB de disco duro.
 - O terceiro é OPTIPLEX 745 INTEL con 1 GB de RAM a 1.86 GHz e 150 GB de disco duro.
2. Seis ordenadores da marca INVES, PENTIUM III a 733 MHz, 256 MB de memoria RAM e un disco duro de 10 GB; teñen pantalla CRT de 15´´, un lector de CD e dous portos USB. O sistema operativo é Microsoft 2000 Profesional.

Agrupamento do alumnado na aula

A día de hoxe hai oito alumnos matriculados en Matemáticas I na modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, aumentou un dende a primeira práctica.



Como contamos con nove postos a proposta é que cada un traballe individualmente, e como os ordenadores son de potencialidade distinta iranse rotando en cada clase para ocupar os tres puntos mellores, quedándonos así un Pentium III de reserva.

Nun principio quero dedicar o maior tempo posible a traballar con Descartes dun xeito individual, mais tamén teño presente que as dificultades conceptuais xunto cos distintos ritmos na aprendizaxe dos alumnos poden obrigarnos a “descansar” do nippe e ter algunha clase tradicional.

Distribución dos equipos

A distribución da aula responde a dunha clase normal e non a podo modificar polo cableado dos equipos.

Os nove ordenadores están colocados en tres ringleiras, tres en cada unha, orientados fronte á mesa do profesor, encol de mesas que teñen espazo suficiente para ter os cadernillos de traballo, apuntamentos ou mesmo un libro de texto se fosen necesarios.

Conectividade á rede Internet

Os ordenadores teñen conexión ADSL á rede da Xunta cun ancho de banda de 4 MB, polo que non debemos ter problemas para traballar on-line, aínda que a velocidade vaia variando en función da hora de conexión.

Se xorden dificultades insalvables temos a posibilidade de instalar as unidades na intranet do instituto, no ordenador do profesor ou en cada terminal.



Outros medios didácticos

A aula ten na mesa do profesor un ordenador APD Pentium IV con 2.80 GHz, 512 MB de RAM, 75 GB de disco duro e pantalla CRT de 17'' e con sistema operativo Microsoft Windows XP Profesional que xunto co canón de proxección pendurado do teito e a pantalla, vannos permitir dar o primeiro día unha clase "tradicional" sobre o funcionamento de Descartes, así como debatir sobre os pros e os contras que lle vemos "a priori" á experiencia. Tamén contamos con dous taboleiros brancos e rotuladores de cores.

É de supoñer que teremos que recurrir máis dunha vez a ambos medios, para explicar dúbidas, consolidar conxuntamente conceptos e procedementos, corrixir erros reiterados e demais necesidades que vaian xurdindo.